



A **Asociación Pola Defensa da Ría (APDR)** denunciou ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que recentemente **foi totalmente destruída a Mámoa de Louredo (GA 36038060)**, na parroquia pontevedresa de Lourizán, e que **o organismo responsable desa destrución é o Ministerio de Defensa.**

A destrución de dita mámoa foi consecuencia das obras que levou á cabo o Ministerio de Defensa, e das que se fixera eco parte da prensa local, que consistiron na construción dunha réplica dunha “Aldea Afgana”, para prácticas militares. **A construción desta “Aldea Afgana” levou a que meteran a maquinaria no lugar e sinxelamente arrasaran con todo.** Non quedou nada da mámoa.

Máis alá da máis que discutible actuación do Ministerio de Defensa na polémica ampliación da zona de seguridade, e do que iso conleva; centrámonos neste caso na máis que desafortunada destrución da mámoa.

Dende a APDR, manifestamos certa incredulidade ante a maneira de actuar tan contundente: a mámoa estorbáballes e arrasaron con ela. Pódese pensar que é unha forma de actuar moi militar... Damos por suposto que sabían que no lugar onde querían construír a “Aldea Afgana” había unha mámoa e non dubidaron en arrasala. Consideramos moi grave que un Ministerio destrúa un xacemento arqueolóxico catalogado, coñecendo a súa existencia e o seu deber de protexelo. E se non coñecían a súa existencia, o caso aínda é máis triste.

Preguntámonos se agora que a propaganda do Ministerio de Defensa se centra en destacar as súas accións humanitarias no estranxeiro, se esqueceron de conservar o patrimonio cultural dentro das súas fronteiras.

A APDR solicitoulle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural que destile as responsabilidades, e leve a cabo as medidas administrativas e xudiciais pertinentes. Non se pode consentir que sexa un Ministerio o que destrúa o noso patrimonio cultural, máxime cando está protexido pola lei. Por iso esperamos que non pase como noutras ocasións nas que se fai a vista gorda cando é a propia administración a que fai un atentado contra o patrimonio de todos, dándose unha total impunidade; e se activen os mecanismos necesarios para determinar a responsabilidade e as consecuencias desta barbaridade, que nos recorda a outros tempos nos que os militares facían o que querían cando lles daba a gana, e non tiñan que dar explicacións.

Pontevedra, a 29 de xullo de 2009

Asociación Pola Defensa da Ría

